

MEMORIA ABREVIADA

EXERCICIO 2021

Data de peche 31/12/21

FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

Nº DE REXISTRO 15/1999

C.I.F. G 15702913

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021



Introdución

Reunido o 17 de decembro de 2020 o Padroado da Fundación Galiza Sempre aprobou o plan de traballo a executar durante todo o ano 2021. Neste plan de actividades tívose en conta que sería un ano aínda marcado pola pandemia da COVID-19, e que tanto o calendario como algúns dos actos serían alterados ou modificados.

Nese plan de traballo intentouse marcarse unha liña de acción o máis realista posible e que permitíse ser modificada en función da situación de cada momento. Neste senso a FGS viuse obrigada un ano máis a anular a edición do Festigal, así como a I Escola de Formación programada inicialmente en formato presencial.

Con todo, e a pesar dos condicionantes e limitacións, ao longo deste 2021 tentouse dar cumprimento aos principais acordos que figuraban sobre o plan de traballo aprobado. No presente documento atoparás de forma resumida e moi brevemente as principais actividades deste período.

Ideas Impresas

En 2020 a FGS recupera os cadernos de análise Ideas Impresas, no mesmo formato e obxectivo co que naceron mais cunha pequena mudanza na estética. Trátase dunha colección de publicacións individuais na que cada unha das obras está centrada nun tema concreto sobre a realidade galega elaborado por unha ou un especialista na temática.

Os títulos que se editaron este ano son os seguintes:

- *Vivas e Libres. Lexislación e violencia machista: Contribucións do nacionalismo galego* por Carme Adán. Foi presentado na Librería Cartabón de Vigo (1/12/21) e no Museo Municipal de Lalín (2/12/21). Están previstas polo menos outras dúas publicacións ao longo do vindeiro ano.



- *Unha alternativa para a Illa da Creba*, elaborado por Francisco Abeijón. Un caderno no que se analiza o espolio e o desleixo da Illa da Creba por parte da administración. O caderno está xa na imprenta, nas vindeiras semanas chegarán os exemplares á sede.
- *A necesidade de termos un feminismo galego*, elaborado por Margarida Corral. A través desta publicación apórtanse claves para entender a ferramenta de loita que supón termos un feminismo propio e de clase. Do mesmo xeito que o anterior título sairá da imprenta nos vindeiros días.

Ademais démoslle continuidade ás presentacións das publicacións que se executaron no anterior ano, sobre todo a elaborada por Luís Bará, *Políticas públicas da memoria na Galiza* que tivo unha grande acollida nas comarcas e puido presentarse en case todas as cidades do país.



A Coruña 30/06/21



Lugo 05/05/21



Santiago de Compostela 16/04/21



Pontevedra 26/03/21



Ourense 20/07/21


Paralelamente presentouse en Ferrol o número II da colección, elaborado por Joam Luís Ferreiro Caramês, *Umha proposta para a ria de Ferrol* (30/03/21).



Memoria histórica

• Visita memorística ao Pazo de Meirás

En xullo realizamos unha visita memorística ao Pazo de Meirás en colaboración coa Asociación Suárez Picallo, guiada polos autores da obra *Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, Carlos Babío e Manuel Pérez. Unha visita que tiña como obxectivo resignificar o pazo e recoller o proceso de loita pola súa recuperación.



Diálogos desde a Periferia

Unha das actividades ás que lle demos continuidade neste período en relación ao exercicio anterior é o ciclo de conferencias *Diálogos desde a Periferia*. A situación pandémica permitiuños na segunda metade do ano recuperar o formato presencial dos encontros.

- 19/01/21 *A xustificación mediática da extrema dereita* con Jonathan Martínez. A través dunha conversa co xornalista e investigador en comunicación analizamos o auxe da extrema dereita e da súa lexitimación nos medios de comunicación.

Diálogos desde a periferia

A XUSTIFICACIÓN MEDIÁTICA DA EXTREMA DEREITA

Martes, 19 de Xaneiro ás 20:00
En directo no noso canle:
fb.com/fundacion.galizasempre

JONATHAN MARTÍNEZ
Xornalista e investigador en Comunicación

GMS Galicia Móvil Social



- 29/01/21 *China apóos o COVID-19* con Marola Padín, vicepresidenta do IGADI e analista política de China. Con ela puidemos afondar na situación xeopolítica de China no contexto actual, analizar a axenda 2030 e as relacóns comerciais entre Galiza e China.

Diálogos desde a periferia

CHINA APÓOS O COVID-19

Vernes, 29 de Xaneiro ás 19:00
En directo no noso canle:
fb.com/fundacion.galizasempre

MAROLA PADÍN
Vicepresidenta do IGADI e analista política de China (IRG)

GMS Galicia Móvil Social



- 18/02/21 *O nacionalismo canario no contexto actual*, con Vicente Quintana, coordinador nacional de Ahora Canarias. O encontro tiña o obxectivo de achegarnos ás illas e ao nacionalismo canario.

Diálogos desde a periferia

O NACIONALISMO CANARIO NO CONTEXTO ACTUAL

Xoves, 18 de Febreiro ás 20:00
En directo no noso canle:
fb.com/fundacion.galizasempre

VICENTE QUINTANA
Coordinador Nacional de Ahora Canarias

GMS Galicia Móvil Social



- 11/03/21 *O Bierzo e o dereito a decidir*, con Héctor Fernández, membro da Plataforma A Quinta. Na liña dos contactos iniciados no anterior período co Bierzo organizamos unha sesión dentro do ciclo para abordar a apostase que ten A Quinta pola integración da provincia do Bierzo en Galiza.

Diálogos desde a periferia

O BIERZO E O DEREITO A DECIDIR

Xoves, 11 de Marzo ás 20:00
En directo no noso canle:
fb.com/fundacion.galizasempre

HÉCTOR FERNÁNDEZ
Membro do Plataforma Social A Quinta

GMS Galicia Móvil Social



- 12/05/21 *Claves sobre a situación na Palestina*, con Fayed Badawi, portavoz en Europa do FPLP. Un encontro como militante da resistencia palestina no contexto da nova ofensiva de Israel contra Palestina

Diálogos desde a periferia

CLAVES SOBRE A SITUACIÓN NA PALESTINA

Mércores, 12 de Maio ás 20:00
En directo na nosa canle
fb.com/fundaciongalizasempre

FAYEZ BADAWI
Portavoz en Europa do Frente Popular para a Liberación da Palestina

GMS Galiza Sempre



- 24/07/21 *Solidariedade e autodeterminación*, con Oriol Junqueras. Acto presencial enmarcado dentro do proxecto da Fundación Coppieters e que funcionou tamén como acto de benvida para as delegacións internacionais do BNG no Día da Patria.

Diálogos desde a periferia

SOLIDARIEDADE E AUTODETERMINACIÓN

24 de xullo de 18:00
Ao vivo en <https://youtu.be/B6LJlozalB0k>

RUBÉN CELA
Responsable do RI do ENG para o Período
ANA MIRANDA
Portavoz do BNG no Parlamento Europeo
ORIOL JUNQUERAS
Presidente do CUP
ANA PONTÓN
Portavoz Nacional do BNG

Coppieters GMS Galiza Sempre



- O 10 e 12 de novembro en Compostela e Vigo respectivamente, *Unha ollada á problemática colonial*, con Karina Ochoa, académica e activista decolonial de México. Este encontro formou parte do proxecto presentado á Fundación Coppieters.

Diálogos desde a periferia

UNHA OLLADA Á PROBLEMÁTICA COLONIAL

Libraria Cartabón (rúa de Urzaiz, 125 Vigo). ás 20:00 Venres 12 de novembro

- Rubén Cela, presidente da Fundación Galiza Sempre.
- Karina Ochoa, académica e activista decolonial mexicana

Este encontro forma parte do proxecto *Unha ollada á problemática colonial* da Fundación Coppieters. O proxecto busca reavivar a memoria histórica e a problemática colonial en Galicia. Trata de celebrar a independencia de Hispanoamérica, tanto a través da historia da Hispanoamérica como a través da historia de Galicia. O proxecto é organizado por Fundación Coppieters, Galiza Sempre e Fundación Galiza Sempre.




Colección Grandes Efemérides do Nacionalismo Galego

Dentro da ampla batería de propostas que se deron no último padroado de 2020 para incluír dentro da colección de Grandes Efemérides, e tendo en conta as limitacións de recursos, decidimos elaborar as publicacións que a continuación se recollen.


Todas elas contan cun prólogo do presidente da FGS e o traballo de corrección lingüística de Goretti Sanmartín e deseño e maqueta de Inácio Pavón e Oscar Valadares:

- Coincidindo co 175 Aniversario Dos Mártires de Carral, recóllese nesta publicación do historiador Xusto Beramendi unha das efemérides más importantes e silenciadas da historia do noso país: A Revolución Galega de 1846.



GMS

- *85 Anos do Estatuto de Galiza*, elaborado polo historiador Uxío-Breogán Diéguez Céquiel, un dos grandes estudiosos deste proceso e do nacionalismo galego naquela etapa. A través desta publicación abordamos un momento crucial na loita cara o recoñecemento nacional de Galiza: A aprobación do Estatuto do 36.



- *90 Anos do Partido Galeguista*, elaborada por Uxío-Breogán Diéguez Céquiel. Unha publicación na que se pretende lembrar unha das organizacións e instrumentos políticos máis importantes do século pasado para o noso país.



A lingua, 40 anos despois do Estatuto de oficialidade

Co gallo do Día das Letras Galegas, o 18 de maio celebramos na Coruña un acto presencial no que a través de catro poñentes de distintas xeracións e de diversos ámbitos da cultura fixose un percorrido da evolución do galego nestes 40 anos. Para el contamos con Pepa Baamonde, mestra de Rois expedientada nos anos 80 por dar aulas en galego, Monti Castiñeiras, actor de dobraxe en galego, a escritora Antía Yáñez e Mercedes Queixas, deputada do BNG. O acto estivo conducido e moderado polo creador de contidos en galego para as redes Carlos G. Vieito.



40 Aniversario do BNG

En 2022 cumpre 40 anos da fundación do Bloque Nacionalista Galego e ao longo deste ano intentamos darlle cumprimento aos acordos recollidos no plan de traballo, comezando a coller forma os diferentes proxectos que se verán culminados no vindeiro ano:

- Documental sobre a asemblea fundacional do BNG
- Libro *Historia do BNG*, acompañado dunha web na que se recollerán en formato dixital os contidos do mesmo.
- Exposición e logotipo do 40 Aniversario

Para a execución das actividades creouse unha comisión formada por Rubén Cela, Noa Presas, Xavier Campos, Ana Miranda, Bieito Lobeira e Lucía Veciño, a cal se reuniu o 2 de xuño para organizar a execución do traballo na segunda metade do ano.

Comisión Festigal

Após dous anos sen celebrar unha das actividades más importantes da FGS, a comisión do Festigal reuniuse o pasado mes de novembro para poñer en marcha os preparativos da edición 2022. Prevese un festival na medida do posíbel como en edicións anteriores, o vindeiro será o 20 Aniversario do festival.

Internacional

- Forum Soberanista

Continuamos participando das xuntanzas virtuais e presenciais da coordinadora do Forum Soberanista, así como da II Escola Soberanista celebrada de forma virtual entre os meses de novembro de 2020 e maio de 2021 na que participaron arredor de 80 persoas de tódalas organizacións que conforman este espazo.

Entre os días 10 e 12 de decembro tamén se celebrou o I Seminario Internacional do Foro Soberanista en colaboración coa Fundación Coppieters na cidade de Gandía. A el acudimos unha delegación de 18 persoas conformada polas tres das catros fundacións galegas que forman parte deste espazo: Fundación Moncho Reboiras, Fundación Galiza Sempre e Fundación Terra e Tempo.



- Fundación Coppieters

O proxecto presentado para o plan de traballo da Fundación Coppieters 2021 levaba unha liña continuadora en relación ao que estabamos facendo anteriormente, os *Diálogos desde a Periferia*. Dentro deste marco intentamos que os dous encontros organizados con eles puidesen ser presenciais, foi así como se executaron os encontros con Karina Ochoa e Oriol Junqueras.

Neste ano tivo lugar coma sempre a Asemblea Xeral da Coppieters, a cal foi dividida en dúas sesións: Unha telemática no mes de maio á cal asistiron en representación da FGS Rubén Cela, María do Carmo G. Negro e Lucía Veciño e outra presencial no mes de outubro en Bruxelas á que foi Rubén Cela.



- Exposición Centenario do Partido Comunista Portugués (PCP)

En colaboración co PCP pudemos traer a Moaña a exposición do seu 100 Aniversario. Foi exposta na Casa da Mocidade durante a semana do 13 ao 19 de decembro e rematou cun acto o sábado 18 no que interviron a alcadesa de Moaña, Leticia Santos, o investigador portugués e veciño do Morrazo, José Veira e Belmiro Magalhães membro da Comisión Política do PCP.



- Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP)

A lo largo deste ano iniciamos os trámites e contactos para solicitar formalmente a integración da Fundación Galiza Sempre dentro da CPLP. Entramos en contacto co seu presidente a través dun acto que tivo lugar en Compostela no mes de outubro organizado pola Academia Galega da Língua Portuguesa.

Libro Historia Medieval do Reino de Galiza

En colaboración coa AS-PG co-editamos a nova obra de Francisco Rodríguez sobre a Historia do Reino de Galiza, a cal se publicará no primeiro trimestre de 2022.

Memoria de PEMES SEN ÁNIMO DE LUCRO do exercicio anual rematado a 31/12/2021 da FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE

Actividade da empresa

A FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE constitúise como tal o 21 de maio de 1999 por iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. Réxese pola lei de réxime das Fundacións de Interese Galego de 22 de xuño de 1983, reformada pola lei de 8 de novembro de 1991, polo seu regulamento aprobado polo decreto de 18 de xuño de 1992 e pola lei de Fundacións e de Incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral de 24 de novembro de 1994.

A Fundación foi clasificada como de interese cultural por orde de 6 de xullo de 1999 pola Consellaría da Presidencia e Administración Pública e declarada de interese galego por Orde do 9 de agosto de 1999 pola Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo, inseríndose no Rexistro de Fundacións do seu protectorado.

A Fundación constitúise cunha dotación fundacional de 1 millón de pesetas (6.010,12 euros), aportados na súa totalidade polo Bloque Nacionalista Galego.

Bases de presentación das contas anuais


2.1. Imaxe fiel.

Os estados financeiros (contas anuais) da Fundación foron formulados a partir dos rexistros contables da fundación, de acordo cos principios de contabilidade xeralmente aceptados e demais criterios valorativos recollidos na Resolución de 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade y Auditoría de Contas, polo que se aproba o Plan de Contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e amosan a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira e dos resultados da Fundación.

Non existen razóns excepcionais polas que, para amosa-la imaxe fiel, non se teñan aplicado dispositivos legais en materia contable.

2.2. Principios contables non obligatorios aplicados.

A Fundación non aplicou principios contables non obligatorios.

<p>Lucía Veciño Souto Secretaria do Padroado</p>	
	<p>Vº Pº Rubén Cela Díaz Presidente do Padroado</p>

2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incertidume.

A Fundación elaborou as presentes contas anuais baixo o *principio de empresa en funcionamento*, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

Nas contas anuais adxuntas utilizáronse ocasionalmente estimacións realizadas pola Dirección da Fundación para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos ou gastos e compromisos que figuran rexistrados, caso da vida útil dos activos para cálculo de amortizacións ou estimacións de compromisos futuros caso de provisións por continxencias. A pesar de estar feitas estas estimacións coa mellor información da que se dispoña, non se descarta que no futuro poida ser necesario modificar estas estimacións en función de acontecementos futuros que as modifiquen. Nese caso corrixiranse de maneira prospectiva nas contas de perdidas e ganancias futuras atendendo ás novas circunstancias.

2.4. Comparación da información.

De acordo coa lexislación mercantil aplicábel, a dirección da Fundación presenta a efectos comparativos, con cada unha das partidas do Balance, da Conta de Resultados, e da Memoria, as correspondentes ao exercicio anterior.

Non existen razóns polas que as contas anuais do exercicio non sexan comparables coas do exercicio anterior.

2.5. Elementos recollidos en varias partidas.

Non se presentan elementos patrimoniais rexistrados en varias partidas ou conceptos do balance.

2.6. Cambios en criterios contables.

Non se realizaron no exercicio axustes ás contas anuais derivados de cambios en criterios contables.

2.7. Corrección de errores.

Aplicación de resultados

A proposta de aplicación do resultado do exercicio é como segue:

Bases del reparto	IMPORTE
Excedente do exercicio:	1.762,75
Remanentes	
Reservas	
Total a aplicar:	1.762,75

Aplicación:

A Reservas	
A resultados negativos de exercicios anteriores	-52.597,10
A compensación de resultados negativos de exercicios anteriores	
Total aplicado:	-50.834,35

Normas de rexistro e valoración

1. Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a Fundación no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumple co criterio de identificabilidade, isto é, o inmobilizado cumplirá algúns dos requisitos seguintes:

- Ser separable, isto é, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
- Xurda de dereitos legais ou separables da Fundación ou doutros dereitos ou obrigas.

A amortización do inmobilizado intanxible faise segundo a vida útil estimada dos elementos. O tipo aplicado para estes elementos é do 15%. A final de ano realizase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

2. Inmobilizado material.

O inmobilizado material recoñécese no Balance (capitalízase o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para a entidade no futuro, e sempre que se poidan valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo ou o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto (Marco Conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoña una prolongación da vida útil dos elementos do inmobilizado, recoñécense como gastos do exercicio no que se producen.

A dotación anual á amortización calcúllase polo método lineal en función da vida útil estimada. A Fundación amortiza ao 10% anual elementos de mobiliario e ao 15% os Equipos informáticos.

A final de ano realizase unha análise da necesidade de deterioro de ditos bens.

A Fundación clasifica como inversiones inmobiliarias aqueles activos non correntes que son inmóveis non afectos á actividade, e que producen rendas pola vía do aluguer ou estivesen adicados a obter plusvalías coa súa venda.

Durante o exercicio 2021 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

3. Inversións inmobiliarias.

A Fundación non dispuxo durante o exercicio (nun durante o anterior) de Inversións Inmobiliarias.

4. Bens integrantes do Patrimonio Histórico.

A Fundación valora ditos bens en función do valor de adquisición desembolsado no momento da súa adquisición.

5. Permutas.

A Fundación non realizou permutas durante o exercicio, nun durante o comparativo anterior.

6. Créditos e débitos da actividade propia.

A Fundación valora estes créditos e débitos segundo as normas valorativas aplicables aos «Activos financeiros a custe amortizado» ou aos «Pasivos financeiros a custe amortizado» respectivamente e segundo se describe no parágrafo seguinte.

7. Activos financeiros e pasivos financeiros

A Fundación clasifica os seus activos financeiros como:

1. Activos financieros a custe amortizado.
2. Activos financieros mantidos para negociar.
3. Activos financieros a custe.

A Fundación únicamente dispón de «Activos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razonable da contraprestación entregada más os custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Non obstante os créditos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debeedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal. Ao peche do exercicio realizanse as correspondentes correccións valorativas precisas atendendo o cobro futuro do saldo.

A Fundación clasifica os seus pasivos financeiros como:

1. Pasivos financieros a custe amortizado.
2. Pasivos financieros mantidos para negociar.

A Fundación únicamente dispón de «Pasivos financeiros a custo amortizado», valorados inicialmente a custo, equivalente ao valor razonable da contraprestación recibida axustada polos custos de transacción que lles sexan directamente atribuíbles. Non obstante os débitos por operacións de actividade propia e comerciais e outros debeedores con vencemento non superior a un ano e sen un tipo de interese fixado valóranse polo seu valor nominal.

8. Existencias.

A Fundación non dispón de ningún tipo de existencias durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

9. Transaccións en moeda estranxeira.

A Fundación non realizou transaccións en moeda estranxeira durante o exercicio nin durante o anterior.

10. Impostos sobre beneficios.

A Fundación tributa polo imposto sobre sociedades pola actividade que revista carácter mercantil. Neste caso calcúlase o gasto do exercicio en función do resultado contable suxeito e non exento, aplicando o tipo impositivo que legalmente corresponda.

11. Ingresos e gastos.

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devénganse no mes correspondente e páganse a mes vencido.

12. Provisións e continxencias.

A Fundación non dispón de ningún tipo de provisións a valorar durante o exercicio nin durante o exercicio anterior.

13. Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e recoñécense na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión, se cumpran as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razonables para a súa recepción. As subvencións para actividades de realización plurianuais considéranse como Débedas transformables en subvencións pola parte non executada do total concedido.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razonable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razonable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estos efectos de imputación de resultados distínguese os seguintes tipos de subvencións:

- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.
- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.
- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.
- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se consegue ese fin.

14. Negocios convxuntos.

A Fundación non levou a cabo durante o exercicio nin durante o anterior ningún tipo de negocios conxuntos.

15. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Fundación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razonables, tal e como establece a norma xeral.

Inmovilizado material, intanxible e inversións inmobiliarias.

Inmovilizado material

Nin durante o exercicio nin durante o anterior ten habido altas baixas ou traspasos de ningunha clase nos elementos de inmovilizado material da Fundación.

Nin durante o exercicio nin durante o anterior se teñen realizado dotacións de amortización ó inmovilizado material dado que os elementos xa están totalmente amortizados.

O detalle de elementos de inmovilizado material e de amortización acumulada é como segue:

Concepto	Importes 2021	Importes 2020
Mobiliario	2.393,43	2.393,43
Equipos para Procesos de Información	349,61	240,61
Am. Ac. Mobiliario	-2.393,43	-2.393,43
Am. Ac. Equipos Proc. Información	-250,46	-240,61
Saldo neto Inmovilizado material	99,15	0,00

Non existen inmobilizados cedidos a terceiros ou cedidos por terceiros á Fundación para o seu uso.

Non existen activos inmovilizados suxeitos a prenda, hipoteca ou outro tipo de gravame.

Non existen deterioros de valor aplicados aos elementos de inmovilizado material.

Inversións inmobiliarias.

A Entidade non dispón de inversións inmobiliarias, isto é, non dispón de terreos ou construcións cuxa xeración de ingresos para a Fundación puidese ser vía aluguer ou materialización de plusvalías a través do seu alleamento.

Inmovilizado intanxible.

O detalle de movementos habidos neste capítulo do balance é como segue:

Descripción	31/12/19	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/20	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/21
Propiedade Industrial	1.641,85	0,00	0,00	0,00	1.641,85	509,59	0,00	0,00	2.151,44
Aplicacións Informáticas	3.425,79	0,00	0,00	0,00	3.425,79	0,00	0,00	0,00	3.425,79
Total Inm. intanxible	5.067,64	0,00	0,00	0,00	5.067,64	509,59	0,00	0,00	5.577,23

Descripción	31/12/19	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/20	Altas	Baixas	Traspasos	31/12/21
Amort. acum. Prop. Industrial	-1.641,85	0,00	0,00	0,00	-1.641,85	-61,58	0,00	0,00	-1.703,43
Amort. acum. Aplicacs Informáticas	-3.425,79	0,00	0,00	0,00	-3.425,79	0,00	0,00	0,00	-3425,79
Amort. acum. Aplicacs Informáticas	-5.067,64		0,00	0,00	-5.067,64	-61,58	0,00	0,00	-5.129,22
Inmovil Intanxible Neto	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	448,01	0,00	0,00	448,01

Non existen inmobilizados intanxibles con vida útil indefinida.

Non existen restriccions sobre este tipo de bens.

As amortizacions dos Inmobilizados intanxibles calcúlanse linealmente a taxas anuais do 15%.

Arrendamentos financeiros

A Fundación non ten contratado ningún tipo de arrendamento financeiro.

Bens do Patrimonio Histórico

A fundación cataloga nesta partida o importe correspondente ao valor de adquisición dun valioso manuscrito relacionado coa historia do nacionalismo galego: O *Manifesto as Irmandades da Fala*, depositado no Museo do Pobo Galego. O seu valor de adquisición foi de 1.502,53 euros.

Usuarios e outros debedores da Actividade Propia

O único saldo corresponde a créditos por importe de 11.088,76 euros.

Beneficiarios - Acredores

A Fundación non ten saldos clasificados como Beneficiarios – Acredores .

Activos Financeiros

Os únicos activos financeiros dos que dispón a entidade e o saldo de tesourería depositado fundamentalmente en bancos.

Pasivos financeiros.

Os instrumentos financeiros do pasivo do balance da Entidade a longo prazo, clasificados por categorías son:

CLASES	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTALS
	Débedas con	Outros	Débedas con	Outros	

CATEG.	<i>entidades crédito</i>		<i>entidades de crédito</i>		
EXERCICIO ACTUAL					
Débitos e partidas a pagar por Préstamos e fianzas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais	0,00	0,00	0,00	5.068,12	5.068,12
Débitos y partidas a pagar por remuneracións ptes de pago	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	0,0	0,00	0,00	5.068,12	5.068,12
EXERCICIO ANTERIOR					
Débitos e partidas a pagar por Préstamos e fianzas		0,00	0,00	0,00	0,00
Débitos e partidas a pagar por operacións comerciais	0,00	0,00	0,00	1.613,29	1.1613,29
Débitos y partidas a pagar por remuneracións ptes de pago	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAIS	0,00	0,00	0,00	1.163,29	1.163,29

Non existen débedas con garantía real.

Durante o exercicio non se produciron impagos de principal ou intereses das débedas que a Fundación ten ou tivo durante o exercicio.

As únicas débedas que mantén a Fundación a finais de ano son de carácter comercial, o seu valor de reembolso é o que figura no balance, e por ser de carácter comercial a curto prazo non devengan ningún tipo de interese.

Fondos propios

Os movementos experimentados nas distintas partidas de Fondos Propios no exercicio e no exercicio anterior son como seguen:

MOVIMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ANTERIOR				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social				

1. Dotación fundacional/Fondo social	70.010,12	0,00	0,00	70.010,12
2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)	0,00	0,00	0,00	0,00
II. Reservas voluntarias	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Reservas especiais	0,00	0,00	0,00	0,00
IV. Remanente	0,00	0,00	0,00	0,00
V. Excedentes de exercicios anteriores	-71.430,64	0,00	27.447,45	-43.983,19
VI. Excedente do ejercicio	27.447,45	0,00	-36.061,33	-8.613,91
TOTAIS	26.026,93	0,00	-8.613,91	17.413,02

MOVIMENTOS DAS PARTIDAS DO BALANCE NO EXERCICIO ACTUAL				
FONDOS PROPIOS	Saldo inicial	Aumentos	Diminucións	Saldo final
I. Dotación fundacional/Fondo social				
1. Dotación fundacional/Fondo social	70.010,12	0,00	0,00	70.010,12
2. (Dotación fundacional non esixido/Fondo social non esixido)	0,00	0,00	0,00	0,00
II. Reservas voluntarias	0,00	0,00	0,00	0,00
III. Reservas especiais	0,00	0,00	0,00	0,00
IV. Remanente	0,00	0,00	0,00	0,00
V. Excedentes de exercicios anteriores	-43.983,19	0,00	-8.613,91	-52.597,10
VI. Excedente do ejercicio	-8.613,91	0,00	10.376,66	1.762,75
TOTAIS	17.413,02	0,00	1.762,75	19.175,77

Situación fiscal

A Fundación non ten saldos debedores coas Administracións Públicas.

Os saldos de pasivo que presenta a Fundación coas Administracións Públicas son como segue:

Concepto	31/12/21	31/12/20
H.P. Acreedora por I.R.P.F.	1.768,95	2.219,80
H.P. Acreedora por IVA	0,00	0,00
H.P. Acreedora Por Outros Conceptos	0,00	0,00
Pasivos por impuestos diferidos	0,00	0,00
Organismos S. S. Acreedores	751,59	1.942,05
Totais	2.520,54	4.161,85

O imposto sobre Sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente han coincidir co resultado fiscal, entendido este como a base imponible do citado imposto. A conciliación do resultado contable antes de impostos coa Base Imponible para o exercicio e o anterior é como segue:

Concepto	Exercicio 2020	Exercicio 2021
Resultado exercicio antes de impostos	-8.613,91	1.762,75
Diferencias permanentes (Rexime fiscal entidades sen fins lucrativos (Lei 49/2002)	8.613,91	-1.762,75
Diferencias temporarias.	0,00	0,00
Base imponible = Resultado fiscal	0,00	0,00
Cota íntegra:	0,00	0,00
Compensación de crédito fiscal	0,00	0,00
Deduccións fiscais aplicadas	0,00	0,00
Cota líquida	0,00	0,00
Retencións e pagos a conta	0,00	0,00
Facenda Pública acreedora por imposto sobre Sociedades	0,00	0,00

Toda a actividade desenvolvida pola Fundación considerase exenta do Imposto sobre sociedades, e polo tanto non xenera ningún tipo de base imponible. Isto é así ao tratarse dunha Fundación que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 3 da Lei 49/2002 de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fines lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

A Fundación non é posuidora de Activos ou Pasivos por Impostos diferidos a finais do exercicio 2021 nin ó final do exercicio anterior.

A Entidade non aplicou ningún tipo de incentivo fiscal.

A partida de Outros Tributos é inexistente na Fundación.

De acordo coa lexislación vixente os impostos non deben considerarse liquidados definitivamente ata que as declaracions presentadas teñan sido verificadas pola Inspección de Tributos do Estado ou teña transcorrido o prazo de prescripción. Debido ás diferentes interpretacions da normativa fiscal aplicable, poderían xurdir certas continxencias fiscais, cuxa cuantificación non é posible determinar obxectivamente. Non obstante, estimase que a débeda tributaria que de estes feitos podería xurdir non afectaría de maneira significativa ás presentes contas anuais no seu conxunto.

Ingresos e Gastos

A Fundación non realizou ningún tipo de Axuda Monetaria ou Non Monetaria a ningún tipo de institución, centro, persoa física ou xurídica durante o exercicio 2020 e 2021.

A Fundación non presenta saldo ningún na partida de "Aprovisionamientos" da conta de resultados é polo tanto non resulta necesario o seu desglose.

O desglose da partida "Gastos de Personal" da conta de resultados detállase a seguir:

Concepto	Exercicio 2021	Exercicio 2020
Soldos e Salarios	23.800	23.802,40
Indemnizacions	0,00	0,00
Seguridade Social a cargo da Empresa	7.508,76	7.509,65
Outros Gastos Sociais	0,00	0,00
TOTAIS:	31.308,76	31.312,05

A partida de «Outros Gastos de Explotación» é como segue:

Concepto	Exercicio 2021	Exercicio 2020
Gastos Investigación y Desarrollo del Ejercicio	0,00	0,00
Arrendamientos y Cánones	2.112,57	24,20
Reparaciones y Conservación	0,00	0,00
Servicios Profesionales Independientes	0,00	0,00
Transportes	0,00	0,00
Primas de Seguros	0,00	0,00
Servicios Bancarios y Similares	0,00	0,00
Publicidad, Propaganda y Relaciones Públicas	16.531,02	12.686,85
Subministros	788,13	788,13
Otros Servicios	5.063,46	3.415,14
Actividades	0,00	0,00
Tributos	0,00	0,00
Perdas, deterioro e variación de provis por operacs comercs	0,00	0,00
Outros gastos de xestión corrente	0,00	0,00

Concepto	Exercicio 2021	Exercicio 2020
TOTAIS:	24.495,18	16.914,32

O desglose por actividade dos ingresos da actividade propia devengados pola Fundación non é posible atendendo as condicións e características propias dos ingresos, non subordinados exclusivamente á realización de actividades concretas. Enténdese que os ingresos obtidos serviron ou se aplicaron de maneira convxunta e global para a realización das seguintes actividades: actividades ordinarias de xestión e administración de proxectos, xuntanzas de carácter directivo e executivo, Padroado da fundación, actividades de pensamento e divulgación dos obxectivos fundacionais, desenvolvemento do programa de carácter internacional e desenvolvemento do plan de comunicación e divulgación a través das redes sociais da Fundación.

A Fundación non percibiu ningún tipo de Ingreso derivado da actividade mercantil.

A Fundación non realizou venta de bens ou prestación de servizos producidos por permuta de bens.

A Fundación non imputou como resultados excepcionais importe ningún no 2021.

Subvenciones, doazóns e legados

A Fundación non ten subvencións de capital rexistradas dentro do seu Patrimonio Neto a final do 2021 nin tampouco a final do 2020.

As subvencións de explotación rexistradas na conta de resultados pola Fundación durante o exercicio foron as seguintes:

Entidade concedente	Finalidade	Ano de concesión	Período de aplicación	Importe concedido	Total imputado a resultados
Deputación da Coruña	Programa de actividades, durante o ano 2021	2021	2021	12.853,00	12.853,00
Doazóns particulares				0,00	0,00
TOTAIS				12.853,00	12.853,00

Actividade da Entidade. Aplicación de Elementos Patrimoniais a fins propios. Gastos de Administración.

15.1. Actividades realizadas pola entidade:

A continuación indicamos as diversas actividades desenvolvidas pola Fundación no 2021 desglosando o nivel de ingresos e gastos estimados xerados por cada unha delas:

Denominación da actividad	Tipo de actividad	actividade mercantil? Si/ Non	Lugar de ejecución	Total de gastos imputables á actividad
Xuntanzas do padroado e xunta directiva para a preparación e xestión do programa de actividades da Fundación	Actividade ordinaria	NON	Fundación Galiza Sempre; A Coruña, Santiago de Compostela, Bruxelas (asemblea xeral da Fundación Coppieters), Barcelona	
Actividade ordinaria: presentacións literarias, edición de publicacións, mesas redondas	Actividade ordinaria	NON	Santiago de Compostela	55.803,94
TOTAIS:				55.803,94

Os desglose dos ingresos obtidos pola entidade son os seguintes:

INGRESOS	Importe 2021	Importe 2020
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio		
Ventas e Prestación de servizos das actividades propias		
Ingresos ordinarios das actividades mercantís		
Subvencións do sector público	12.853,00	26.900,02
Aportacións privadas		
Outros tipos de ingresos	44.785,12	12.712,44
TOTAL INGRESOS OBTIDOS	57.638,12	39.612,46

Non houbo convenios de colaboración subscritos con outras entidades

15.2. Aplicación de elementos patrimoniais a fins propios.

Non existen bens ou dereitos que formen parte da dotación e que se atopen sometidos a ningún tipo de restrición. Asemade, non existen bens ou dereitos vinculados de forma permanente aos fins fundacionais mediante declaración expresa ao efecto. 15.3 Gastos de administración son os seguintes:

Detalle do gasto	Importe 2021	Importe 2020
Gastos por colaboracións	0	0
Gastos de padroado	0	0
Outros gastos (describir)	0	0

TOTAL GASTOS DE ADMINISTRACIÓN	0	0
---------------------------------------	----------	----------

Os gastos de administración da Fundación non superamos límites fixados para este tipo de gastos no artigo 33 do Regulamento R.D. 1337/2005.

Operacións con partes vinculadas

A Fundación non realizou operacións con entidades vinculadas distintas ás vinculadas co Bloque Nacionalista Galego, membro fundador da entidade. A continuación indicamos as operacións de compras, ventas (ou achegas) e os saldos debedores e acredores existentes con dito partido político:

Gastos/compras	Importes 2021	Importes 2020
Compras de servizos ou materiais ao Bloque Nacionalista Galego	0,00	0,00
Ventas	0,00	0,00
Ingresos percibidos pola actividade non mercantil (achegas)	38.500,00	5.000,00

Non existen saldos debedores ou acredores derivadas da actividade habitual da Fundación co Bloque Nacionalista Galego a final do 2021.

Os membros do padroado da Fundación non percibiron remuneración algúns durante o exercicio 2021.

Non existen plans de pensións, anticipos, créditos ou outras retribucións en especie concedidas aos membros do padroado ou da alta dirección da Fundación.

Outra información

O número medio anual de traballadores da Fundación, así como o número de traballadores existentes a final do exercicio 2021:

Categoría	EXERCICIO 2021			
	A finais		Nº medio	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Dirección	0	0	0	0
Persoal de Administración	0	1	0	1
Outras categorías	0	0	0	0
Traballadores totais	0	1	0	1

A Fundación non ten asuntos continxentes que supoñan a necesidade de contabilizar ningún tipo de pasivo no seu balance a 31 de decembro de 2021.

Inventário


O inventario ao que se refere o artigo 25.2 da Lei 50/2002, de 26 de dezembro, detállase a seguir:

		BENS E DEREITOS			
DESCRICIÓN DO ELEMENTO	DATA DE ADQUISICIÓN	VALOR CONTABLE TOTAL	OUTRAS VALORIZAÇÕES REALIZADAS	AMORTIZAÇÕES, DETERIORIO E OUTRAS PARTIDAS COMPENSADORAS	CARGAS E GRAVAMENS
IMMOBILIZADO MATERIAL					
3 mesas, 4 archivadores oficina	30/11/99	2.134,12		2.134,12	
Grabadora	21/09/00	240,61		240,61	
Estanterías	30/09/00	259,31		259,31	
Disco Duro	10/08/2021	109,00		9,85	
IMMOBILIZADO INTANXIBLE					
Propriedade industrial e intelectual					
Marca	26/04/01	80,87			80,87
Marca	25/05/01	343,33			343,33
Marca Festigal	17/07/02	353,64			353,64
Marca	10/12/10	480			480

Marca Festigal	28/03/12	384	384	
Marca	11/03/21	509,59	61,58	
Aplicaciones informáticas				
Software: Base datos lexicación	10/11/99	850,07	850,07	
Software: Base datos lexicación	01/10/00	850,07	850,07	
Software: Base datos lexicación	01/10/01	850,07	850,07	
Software: Base datos lexicación	04/11/02	875,58	875,58	
BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO				
Manuscrito sobre o nacionalismo galego: Manifesto nacionalista de Lugo	02/12/00	1.502,53		

DÉBEDAS					
	DESCRIPCIÓN DA DEBEDA	DATA DE FORMALIZACIÓN	VALOR NOMINAL	VALOR DE REIMBOLSO	IMPORTE AMORTIZADOS OU DEVOLTOS
					INTERESES SATISFEITOS
A CURTO PRAZO	Préstamo do Bloque Nacionalista Galego	0,00	0,00	0,00	0,00
	Débedas comerciais	Diversas	5.068,12 €	5.068,12 €	0,00
	Débeda por remuneracións pendentes	0,00	0,00	0,00	0,00
	Débedas coas administracións públicas	Diversas	2.520,54 €	2.520,54 €	0,00

Estas contas foron formuladas pola secretaría da Fundación Dona Lucía Veciño Souto, co visto e prace do Presidente Don Rubén Cela Díaz en Santiago de Compostela a 22 de febreiro de 2022.

 Lucía Veciño Souto Secretaria do Padroado	 Rubén Cela Díaz Presidente do Padroado
---	--

Vº Bº